

TRES REFLEXIÓNS SOBRE A DIMISIÓN DE LARA MÉNDEZ

A constante **confrontación** que a **ex alcaldesa** mantiña coa Xunta de Galicia, que sempre tendeu pontes co Concello, tiña unha razón que agora coñecemos: esa actitude súa de **crispación**, que **tanto prexudicou a Lugo**, obedecía a que estaba traballando na súa **carreira persoal e electoral**.

1

O noso Concello perdeu moitos investimentos doutras administracións porque Lara Méndez buscaba constantemente o **conflito e a confrontación para preparar a súa campaña política**. Como ía procurar acordos quen no fondo se movía por facerlle oposición á Xunta para gañar méritos á hora de ir nas listas do PSdeG ás autonómicas?

2

Nin o PSOE nin o BNG respectaron a vontade da maioría da veciñanza: hoxe temos á fronte do Concello á **número tres dunha lista á que só apoiou o 17,5%* das persoas con dereito a voto**. **O que acabamos de ver hai unhas semanas en Lugo é o que lle pode agardar a Galicia o vindeiro 18 de febreiro** se non hai unha maioría forte para o PP.

* O PSOE obtivo 13 578 votos nas eleccións municipais de 2023, mentres que o censo electoral era de 77 572 persoas.

3

Fronte á **garantía de estabilidade** que supón o voto ao PP, o único que move ao besteirismo e ao nacionalismo é manterse no goberno ao prezo que sexa. Agardemos que esa **incerteza sobre a sucesión** de Lara Méndez non deixe feridas e tamén que o BNG volva, polo ben da cidade, a recuperar a contundencia que amosou en 2015, iso si cando estaba na oposición.

Logo destes nove anos de **parálise nos grandes proxectos** para Lugo, pedímoslle á nova alcaldesa un cambio de actitude na xestión. Nós seguiremos **coa nosa man tendida** para impulsar todas aquelas accións que contribúan a mellorar a vida da veciñanza.

Con independencia de que a substituta de Lara Méndez asuma o bastón de mando **despois de catro renuncias e unha dimisión**,

a nova rexedora atopará no Grupo Municipal do PP que encabezo un equipo de **persoas leais e comprometidas** que lle ofrecen todo o seu traballo.



Elena Candia López

Voceira do PP no Concello de Lugo

ORZAMENTOS MUNICIPAIS DE 2024 >

O que Lugo non necesita



Cando alguén pensa exclusivamente en si mesmo o resultado ao que chega nunca lles pode servir aos demais. Iso foi o que pasou cos orzamentos do Concello para este ano: **o PSOE e o BNG deseñáronos para consolidar o seu pacto de goberno** en lugar de atender ás necesidades da veciñanza.

Presumen duns orzamentos verdes cando destinan uns **recursos ridículos para o abastecemento e o saneamento**.

Din que son sostíbles cando non hai nada menos sostíbel que un edificio, o Impulso

Verde, que non ten uso ningún, ou un carril bici que destrou e prexudicou a economía dos barrios.

A mellor proba de que o goberno local pretendía converter esta cuestión nun mero asunto de trámite atopámola en **que os propios informes municipais advirten dun derroche nos recursos; da falta de estudos económicos adaptados ás circunstancias actuais de prestación de servizos ou que o aforro neto resulta insuficiente**.

En resumo, **os desequilibrios nas contas do PSOE e do BNG para 2024 anticipan problemas** na xestión dos recursos económicos.

... e o que nós propoñemos



A construción dunha nova **Protectora de Animais e Plantas** cos case 774 000 euros que PSOE e BNG destinan a hortos ecolóxicos comunitarios.



Investir 50 000 euros **para a redacción dun Plan Municipal de Saúde Mental** en vez de tanto gasto en protocolo.



Anticipar os importes das **subvencións nominativas ás entidades sociais** para que non interrompan a súa actividade por problemas de liquidez.



Tramitar con Evislusa a intervención en edificios abandonados ou en ruínas nos barrios da Milagrosa e Feijóo para destinalos a unha **Comisaría de Policía Local**.



A redacción dos proxectos para dotar de servizos de **conciliación aos polígonos industriais** do Ceao e das Gándaras.



A creación dun **novo aparcadoiro na Ronda das Fontiñas** e estudos para habilitar outros na contorna do centro (rúa Castela).



A renovación do **abastecemento do Polígono do Ceao**.



A mellora dos **accesos a Lugo** pola Fervedeira no treito municipal.



A redución de gastos diversos para poñer en marcha o **novo auditorio municipal** de Magoi.



Reforzar o **persoal municipal** en áreas como a brigada de augas.

A Xunta, unha administración colaboradora con Lugo

XUNTA

As reivindicacións dentro da lealdade institucional, pero coa contundencia dos compromisos adquiridos cos lucenses, dan os seus froitos.

Nós cremos no poder do diálogo entre as distintas administracións como unha forza esencial para o avance e a mellora de Lugo, a diferenza do bloqueo sistemático do goberno municipal a todas aquelas intervencións que implican á Xunta de Galicia.



1 Campionato Mundial de Motocross

Reivindicamos diante da Xunta a importancia de que Lugo sexa sede este ano desta competición mundial.

2 Nova vida para A Residencia

Apoiamos o impulso do primeiro Centro Integral de Saúde de toda Galicia no antigo hospital, onde entrará en funcionamento tamén a nova oficina de emprego.

3 Plan Xeral de Ordenación Municipal

A implicación da Directora Xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, desbloqueou este documento, xa en vigor para toda a superficie do municipio.

4 Mellor atención ás persoas

Ademais dos 8 millóns de euros para as residencias das Gándaras e da Milagrosa e das 120 novas prazas da residencia de maiores que se abrirá nas vindeiras semanas, a Xunta creou, con Raiolas, o primeiro centro de día para persoas con trastorno do espectro autista da provincia.

5 Novo colexio do Sagrado Corazón

A construción deste centro educativo foi unha demanda nosa, que a Xunta fixo realidade logo dun investimento de 4,3 millóns de euros.

6 Fomento da nosa gastronomía

A Lugo tamén chegou a estratexia 'Galicia sabe a mar', que desenvolve a Xunta dende hai un ano para o consumo do produto de proximidade.

7 Nova comisaría

Coa nosa proposta con varias alternativas e a implicación da Xunta, conseguimos que o goberno asumira o compromiso de construíla na zona norte.

8 Máis prazas de aparcamento

Na procura de máis aparcamentos e dunha mobilidade cómoda, logramos unhas 150 prazas de estacionamento na avenida de Breogán.

X O legado dos 9 anos de Lara Méndez no Concello

Cando alguén pecha unha etapa facendo un balance axuda a ver con perspectiva como foi ese período. Por iso queremos compartir contigo a herdanza de quen chegou á alcaldía sen querer esa responsabilidade e que, en canto puido, decidiu fuxir e renunciar á alcaldía.

X 1 Sen permitir nova vivenda pública

A Xunta continúa á espera de que o Concello lle ceda **terreos** para poder construír **vivenda pública**, tan necesaria en Lugo. Logo de usar esta cuestión na campaña de maio do 2023 para axitar **O Castiñeiro**, o goberno local segue sen dar pasos.

X 2 Cambio de opinión coa Rolda Leste

Aínda que era unha infraestrutura demandada por todas as forzas políticas, no momento no que a Xunta de Galicia blinda os orzamentos para facela, adaptando o proxecto ao trazado proposto polo goberno local, este cambiou de opinión.

X 3 Novo centro de saúde do Sagrado Corazón

A alcaldesa recibiu unha carta da Xunta en **novembro de 2021** solicitándolle ao Concello **terreos** para poder construír esta dotación. Dous anos e medio despois, non se puido avanzar nada nun edificio clave para as persoas que viven nesta zona.

X 4 Sen avances para a praia fluvial

A falta dun **posicionamento claro** do goberno local, sumado aos distintos **informes técnicos negativos** e á renuncia da Deputación Provincial, provoca que as persoas de Lugo sigamos exactamente no mesmo punto ca en 2015: **sen zona de baño e sen previsión de cando poderemos gozar dela**.

Nos nove anos de Lara Méndez, o Concello recibiu documentos demoledores, coma o **estudo da Unesco**, que ditaminaba que nin a localización nin o proxecto que presentaba o goberno eran idóneos ao supoñer un lugar **inseguro para os bañistas**, un **prexuízo para o medio ambiente** e un **perigo para as outras declaracións de Patrimonio da Humanidade**.

O desinterese de Lara Méndez xa quedara patente durante a súa etapa na Deputación Provincial, dado que a falta de traballo desta administración provocou que a **Confederación Hidrográfica Miño-Sil** declarase desistida a solicitude de crear unha zona de baño na contorna de **'Los Robles'** por non achegar a documentación requirida durante o período no que **Méndez foi Vicepresidenta** desta institución **(2007-2015)**.



Un buzo evidencia que a falta de profundidade impide facer unha praia fluvial onde propoñía Lara Méndez



Treito pendente do Plan Paradai entre a rotonda de Serra de Meira e a de Adolfo Suárez

X 5 Nin un só paso no Plan Paradai

Vai camiño de **10 anos** dende que se abriu ao tráfico a ponte de Paradai e a rotonda da rúa Serra de Meira grazas a un investimento por parte da Xunta de Galicia de **máis de 10 millóns de euros**. Do convenio asinado no ano 1999, e que estaba previsto desenvolver en tres anos, queda aínda pendente de rematar a rúa Serra de Meira, que une as dúas rotondas.

O proxecto para ese treito foi redactado pola área de Infraestruturas da Xunta no ano 2018, pero **desconformidades entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e o Concello de Lugo** sobre aspectos técnicos impiden que se poida rematar malia que nos orzamentos de Xunta dende o ano 2018 se dispón dunha partida de 500.000 € para esa actuación.

O goberno de Lara Méndez foi **incapaz de acordar coa CHMS**, presidida por José Antonio Quiroga, ex secretario de organización do PSdeG, cales son as condicións que permiten executar dita obra. A última petición de información por parte do representante da Xunta en Lugo, Javier Arias, data do mes de **novembro de 2023**, sen que o Concello se dignase a dar unha resposta nin poñer avance ningún, agás confrontar e botarlle a culpa á Xunta de Galicia.

X 6 O Auditorio de Magoi: case catro anos sen abrir

O goberno local revisou o edificio, **recibiuno oficialmente hai 3 anos e oito meses**, colleu as chaves pero é incapaz de abri-lo, de xeito que **hoxe segue pechado**.

X 7 Cuartel de San Fernando: nin os acordos cumpren

A imposibilidade por parte da **alcaldesa** de conseguir **fondos europeos** (unha solicitude denegada, e outra desistiu) impediu consolidar o acordo que Xunta e Concello alcanzaron no ano 2022.

X 8 Atrancos na rehabilitación da Tinería

A Xunta rehabilitou uns **30 edificios**, adxudicou **70 vivendas** e promoveu unha **vintena de locais comerciais** malia os constantes atrancos que pon o Concello, como na rehabilitación dos edificios **n.º18 e 22 da rúa Catedral**, paralizada pola falta de resposta do goberno local.

X 9 Sen o novo pavillón polideportivo

Pasaron **tres anos do acordo a tres bandas** (Xunta, Deputación e Concello) para impulsar a construción en Lugo dun novo pavillón.

A realidade é que **hoxe non temos nin sequera o proxecto**: hai máis dun ano que o goberno desistiu da contratación da súa redacción porque se viu obrigado a aceptar un recurso de reposición que estimou pero logo non emendou.

ESTIVEMOS CONTIGO

Estreamos o 2024 do mesmo xeito que rematamos o 2023: desenvolvendo unha presenza moi activa nas nosas rúas, barrios e parroquias para intensificar o diálogo e a recollida de ideas e necesidades por parte da sociedade luguesa

Continuamos coa nosa rolda de visitas a barrios e parroquias para comprobar 'in situ' as necesidades da veciñanza, como fixemos este último mes en Castelo e Galegos, entre outras zonas



No acto da entrega da Medalla de Ouro ás asociacións de Recreación Histórica como distinción ao seu traballo no Arde Lucus, unha festa hoxe declarada de Interese Turístico Internacional



Na homenaxe ao mestre Indalecio Fernández Groba, que lle dará nome á Escola Municipal de Música en recoñecemento pola súa dedicación á promoción da calidade artística de Lugo





Compartimos con varios centos de persoas o noso tradicional xantar do rural 🍷❤️



Trasládamoslle á nova directiva da Asociación de Empresarios do Ceao e As Gándaras as nosas emendas aos orzamentos 📄❤️



Presentamos en rolda de prensa na Confitería Madarro o número 2 do noso boletín 'Contigo Lugo' 📖❤️



Rendémolles homenaxe a todas as persoas que mantiveron vivo o barrio da Residencia na nosa mesa redonda sobre o barrio 🗣️❤️



Asistimos á xornada sobre instrumentos de mobilización agraria co Conselleiro de Medio Rural en Santa Cristina de San Román 🗣️❤️



Desenvolvemos unha sesión informativa sobre como facilitar a transformación de locais baleiros en vivendas 🏠❤️

OS COMPROMISOS DE RUEDA CON LUGO 2024-2028



1.- Creación dun **centro para persoas con enfermidade de Alzheimer no antigo Hospital de Calde**.



2.- Ampliación de espazos para entidades que traballan en **proxectos de saúde mental**.



3.-Novo uso para a **antiga sede da asociación Aspnaís**.



4.- Novo **centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón** coa imprescindible cooperación municipal.



5.- Novas **dotacións deportivas**: polideportivo polivalente para deportes de interior e recuperación do antigo pavillón da OJE co acordo cos propietarios.



6.- Nova sede do **Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC)** entre murallas.



7.- Máis avances na **rehabilitación da Tinería**, aproveitando instrumentos como a área Rexurbe para converter inmobles abandonados en vivendas.



8.- Construción de novas **vivendas públicas** para multiplicar a oferta cando o Concello entregue terreos.



9.- Mellores infraestruturas cun trazoado consensuado para a **Rolda Leste** e demandaremos ao goberno central o desdoblamento e a iluminación da **Rolda Norte** e unha entrada e saída dignas ao **Polígono das Gándaras**.



10.- Creación dun intercambiador e espazos de emprendemento na localización da **actual estación de autobuses**.



11.- Colaboración co Concello para ampliar a **rede de saneamento** no rural.



12.- Incremento das prazas en **escolas infantís, ludotecas e ociotecas** para garantir a conciliación, con especial atención ao Polígono das Gándaras.



13.- **Novo centro educativo (IES)** no centro da cidade.



14.- Continuidade do mapa de **titulacións universitarias**, ampliándoo ou adaptándoo a unha oferta educativa especializada na agricultura, na gandaría e no sector forestal sustentable.



15.- Apoio á creación dun novo **xulgado de violencia sobre a muller**.

